

-CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 11-2013 DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 05/09/2013 -

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP) vaise ás 20:50

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

Concelleiros ausentes:--

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

Secretaria accidental:

Vicenta A. Campaña Martínez

Interventora:

Agueda Bello Valdés

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:05 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria accidental da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Neste caso, sesión ordinaria acolléndose a potestade outorgada polo pleno organizativo de atrasalo ata unha semana cando coincide co mes de agosto.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.
- 3º.- INADMISIÓN E ESTIMACIÓN OU NON DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS, E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCIZO 2013.
- 4º.- FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2014.
- 5º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.
- 6º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 10 Sesión ordinaria do día 30/07/2013

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 15 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada.

2- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/07/2013 ata o 31/07/2013, que comprenden os números 293/2013 ao 356/2013, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 13 da Sesión ordinaria do día 09/07/2013
- Acta Nº 14 da Sesión ordinaria do día 23/07/2013
- Acta N1 15 da Sesión ordinaria do día 13/08/2013

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- INADMISIÓN E ESTIMACIÓN OU NON DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS, E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCIZO 2013.

O alcalde da conta da proposta sobre este asunto que se facilitou ao concelleiros e que literalmente di:

“Dada conta do expediente tramitado para a aprobación, de ser o caso, do orzamento desta entidade, formado para o exercicio de 2013 polo Alcalde deste Concello.

Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166 e 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Sometido a negociación colectiva o día 05/07/2013.

Vistos o informe emitido pola Intervención e a demais documentación esta Alcaldía.

Vista a reclamación presentada ao orzamento xeral da corporación para o 2013 aprobado inicialmente polo pleno en sesión de data 12/07/2013.

A vista do informe de intervención no que os reclamantes non están lexitimados para elo segundo o artigo 170.1 do TRLFL.

Tendo en conta que ao abeiro do artigo 169.1 TRLFL o Pleno dispón dun prazo dun mes para resolver as reclamacións e decidir sobre a aprobación definitiva do orzamento xeral propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Inadmitir a tramite as alegacións presentadas ao orzamento xeral baseándose na falta de lexitimación do recorrente segundo informe de intervención por no concorrer ningún dos supostos do artigo 170.1 do TRLFL.

Segundo.- Aprobar definitivamente o orzamento desta entidade para o exercicio de 2013, a contía do cal quedou fixada, en GASTOS ascende a un total de 6.498.230,98 € e en INGRESOS, ascende a un total de 6.498.230.98 €, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

Orzamento de gastos

Capítulo	<i>Denominación</i>	Presuposto 2013
		EUROS
A)	OPERACIONES NO FINANCIERAS	5.448.230,98
A.1	OPERACIONES CORRIENTES	5.413.037,23
1	Gastos del Persoal	2.404.303,19
2	Gastos correntes en bens y servicios	2.541.884,04
3	Gastos financeiros	350.000
4	Transferencias correntes	116.850
A.2	OPERACIONES DE CAPITAL	35.193,75
6	Inversións reais	35.193,75
7	Transferencias de capital	0
B)	OPERACIONES FINANCIERAS	1.050.000
8	Activos financeiros	0.00
9	Pasivos financeiros	1.050.000
	TOTAL GASTOS	6.498.230,98

Orzamento de ingresos

Capítulo	<i>Denominación</i>	
A)	OPERACIONES NO FINANCIERAS	EUROS
		6.498.230,98

A.1	OPERACIONES CORRIENTES	
1	Impostos directos	6.498.230,36
2	Impostos indirectos	2.082.133,89
3	Taxas, prezos públicos y outros ingresos	74.248,29
4	Transferencias correntes	1.284.427,71
5	Ingresos patrimoniais	3.057.421,09
A.2	OPERACIONES DE CAPITAL	0,00
6	Enajenación de inversións reais	0,00
7	Transferencia de capital	0,00
B)	OPERACIONES FINANCIERAS	
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL INGRESOS	6.498.230,98

Segundo.- Aprobar, igualmente, as bases de execución que acompañan ó orzamento.

Terceiro.- Adoptar as seguintes actualizacións do cadro de persoal-plantilla fronte ao último publicado (BOP 21/08/2013)

a) Funcionarios: muda a referencia á situación administrativa do posto de Tesourería que pasa de estar ocupado en nomeamento accidental a “ nomeamento en comisión de servizos”.

b) Laborais: Amortizar os postos de persoal laboral que se relacionan a continuación por causa de xubilación do primeiro e renuncia do segundo, polo tanto sen custe ningún:

Denominación do posto: posto de CONDUTOR do Departamento de obras e servizos básicos (PEEPR co nº 07)

Número de postos: 1.-

Titularidade: Vacante

Denominación do posto: posto de OPERARIA DE LIMPEZA do Departamento de mantemento e limpeza de bens municipais (PEEPR co nº 15)

Número de postos: 1.-

Titularidade: Vacante

Cuarto.- Aprobar, así mesmo, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, coa modificación puntual indicada no apartado anterior.

Sexto.- ordease a súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do repetido Real

Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo; e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

Sétimo.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma (a esta última por vía telemática ao abeiro da orde do 15/12/2010, DOG 23/12)

ANEXO I.- CADRO PERSOAL-PLANTILLA (xuño 2013)

FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
<i>ESCALA DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER ESTATAL</i>				
Nº	Denominación	Grupo	C.D.	Titularidade/ Situación administrativa
1	Secretaria	A1	28	1 Propiedade ocupada polo titular do posto
1	Interventora	A1	28	1 Vacante ocupada nomeamento provisional
1	Tesoureiro	A1	28	1 Vacante ocupada en comisión de servizos
<i>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL</i>				
a) Subescala Técnica:				
1	Técnico Administración Xeral	A2	26	1 Vacante non ocupada
b) Subescala de auxiliares:				
2	Auxiliares administrativos	C2	18	2 ocupadas x titulares das prazas
1	Administrativo (reservada a segunda actividade Policia Local)	C1	18	1 ocupada por Policia Local en segunda actividade
1	Axente Recadador	C2	18	1 Vacante ocupada por Func. interino.
<i>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</i>				
a) Subescala Técnica:				
1	Arquitecto	A1	26	1 Vacante non ocupada
1	Arquitecto técnico	A2	26	1 ocupada polo titular da praza
b) Subescala de servizos especiais:				
1	Inspector	A2	22	1 ocupada polo titular da praza
2	Oficial Policía (1 reservada a segunda actividade)	C1	18	1 ocupada polo titular da praza 1 vacante non ocupada
8	Policías Municipais	C1	18	6 ocupadas polos titulares das prazas 2 vacantes / 1 ocupada en CS outra non ocupada
3	Conserxes	Agrup.Pr of.	14	3 ocupadas polos titulares das prazas
1	Operario de Servizos Varredor(conserxe pavillon)	Agrup.Pr of.	14	1 ocupada polo titular da praza
PERSOAL LABORAL FIXO				
Nº	Denominación	Categoría	Tipo	Observacións
DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL (SAX)				
<i>(SAX)Unidade de servizos xerais de secretaría.</i>				
1	Administrativo Oficinas	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 01)
<i>(SAX) Unidade de atención ó público, rexistro e padrón.</i>				

1	Auxiliar administrativos	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 02)
(SAX) Servizo de informática				
1	Técnico superior de Informática (enxeñeiro inform)	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 03)
(SAX) Unidade de persoal e desenvolvemento local				
1	Técnico local de emprego e desenvolvemento local (AEDL)	I	Fixo	Vacante(PEEPR nº 05)
DEPARTAMENTO DE URBANISMO (DU)				
1	Auxiliar administrativo	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 06)
DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS (DOSB)				
1	Operarios servizos múltiples-oficinas	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 04)
1	Mecánico	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 08)
1	Soldador- condutor	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 09)
1	Operario Cemiterio e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 10)
(DOSB) unidade de parques e xardíns.				
1	Operario parques e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 11)
(DOSB) unidade de mantemento e limpeza de bens municipais				
3	Operarias limpeza	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 12,13,14)
4	Operarias limpeza	V	Fixo,T.Par c.	Vacante (PEEPR nº 16,17, 18,19)
(DOSB) unidade de obras				
1	Encargado Obras e Servizos Basicos	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 20)
DEPARTAMENTO DE DEPORTES (DD)				
2	Animadores Deportivos (Tecnico-monitor e animador deportivo)	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 22 e 23)
1	Operario (apoio pavillóns)	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 24)
1	Conserxe Pavillón	V	Fixo	Vacante(PEEPR nº 25)
DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE (DXU)				
(DXU) unidade de dinamización xuvenil				
1	Responsable oficina información xuvenil (Técnico Información Xuvenil)	III	Fixo	Vacante(PEEPR nº 26)
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CULTURA (DEC)				
1	Técnico Animador cultura- auxiliar ASC	IV	Fixo	Propiedade
(DEC) unidade de biblioteca				
1	Auxiliar Biblioteca	IV	Fixo	Vacante (PEEPR nº 27)
(DEC) Unidade de educación de adultos				
1	Mestre Educación Adultos	II	Fixo,T.Par c.	Vacante(PEEPR nº 28)
1	Mestre auxiliar Educación Adultos	III	Fixo,T.Par c.	Vacante(PEEPR nº 29)

DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE (DBSI)				
1	Técnico Medio de Servizos Sociais	II	Fixo	Vacante (PEEPR nº 30)
(DBSI) unidade de atención primaria				
2	Auxiliar axuda no Fogar	V	Fixo,T. Parc	Vacante(PEEPR nº 31,32)
(DBSI) unidade de atención psicopedagóxica				
1	Pedagogo	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 33)
1	Monitor Manualidades	IV	Fixo,T.Par c.	Vacante(PEEPR nº 34)
DEPARTAMENTO DE TURISMO E MEDIOAMBIENTE				
1	Educador ambiental e turistico	II	Fixo	Vacante PEEPR nº 35)
1	Tecnico Medio de Actividades	II	Fixo	Vacante(PEEPR nº 36)
OUTRO PERSOAL LABORAL				
Nº	Denominación obra ou servizo- en condición de:	Categoría		
2	Condutores	V		
1	Oficial 1ª	V		
4	Auxiliar axuda no Fogar	V		
1	Conductor Ambulancia	V		
1	Auxiliar Admtvo Servizos Sociais	IV		
1	Axente Auxiliar de Desenv. Local	II		
2	Auxiliares Recadación	IV		
1	Animador Cultural	II		
1	Administrativo Obras	III		
1	Auxiliar administrativo (Oficinas Xerais)	IV		
1	Bedel Biblioteca	V		
3	Peóns Xardinería	V		
1	Carpinteiro	V		
1	Fontaneiro	V		
1	Auxiliar Oficinas Intervención (Tec. Informática Xestión)	III		
1	Tco.Licenc.Empresariais Intervención	I		
1	Animador Cultural	II		
1	Monitor Deportivo	III		
1	Peón Carpinteiro	V		
1	Educadora Familiar	II		
1	Traballadora Social	II		
2	Auxiliares de Policía	IV		
POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO				

1	Arquitecto ARI	I		
1	Auxiliar administrativo ARI	IV		

AMORTIZACIÓNS (2 Laborais)

1	conductor	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 07)
1	Operaria limpeza	v	Fixo	Vacante (PEEPR nº 15)

Engade que segundo se desprende do informe da intervención municipal, as alegacións presentadas polo PP, non se poden ter en conta, xa que non se contempla aos Concelleiros como interesados por ter estes outros medios para presentar emendas e debater o presuposto, xa sexa no Pleno ou nas comisións informativas. Non podendo polo tanto entenderse incluídos os concelleiros como interesados no expediente a efectos de presentación de reclamacións. Polo tanto non poden admitirse as alegacións que formulan a existencia de dotación ou non dotacións orzamentarias. Polo que se inadmiten as alegacións presentadas e se propón aprobar definitivamente o Orzamento de 2013.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE FACENDA, do día 22/08/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, manifesta que o seu grupo mantense na mesma opinión.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Sonia Castaño Eiras, manifesta o apoio a proposta.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, manifesta o apoio á proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 9 votos a favor (6 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) con 6 votos en contra (os 6 do PP) e cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

4º.- FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2014.

O alcalde da conta da proposta sobre este asunto que se facilitou ao concelleiros e que literalmente di:

FESTIVOS LOCAIS ANO 2014

“Visto o escrito do Delegado Provincial da Consellería de Traballo e Benestar, interesando se lle comunique os dous días que para todo o termo Municipal de Rianxo se fixen como Festas Locais no próximo ano 2014, para os efectos de poder confeccionar o calendario laboral da Provincia de Coruña para dito ano.

Publicado no Diario Oficial de Galicia do 08/08/2013 o Decreto 127/2013, do 01 de agosto, polo que se determina o Calendario laboral para o ano 2014 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no artigo 45 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: “ *serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia*”.

Pola presente, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo o seguinte

ACORDO:

Primeiro: Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2014, os seguintes días:

- 04 de febreiro: Martes de Carnaval
- 19 de setembro: Venres de Guadalupe.

Segundo: Comunicar á Delegación da Consellería de Traballo e Benestar para o seu coñecemento e efectos.”

Engade que este ano son as mesmas ca o ano pasado, e dicir, martes de carnaval, 4 de febreiro e venres de Guadalupe, 19 de setembro e que non van a entrar nas demandas dalgúns veciños, xa que a todas as parroquias lles gustaría que o seu santo fose festivo.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS, do día 02/09/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, manifesta que o seu grupo esta de acordo ca proposta formulada o ano pasado, onde propuxeron que un dos días fose o día do Carme, por ser o día máis indicado.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Sonia Castaño Eiras, dí que apoia a proposta da alcaldía.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, dí que van a apoiar a proposta da alcaldía xa que non houbo propostas por escrito para cambiar os días e que a maior parte da xente do pobo quere os días propostos. Indica que o día que haxa algunha proposta por escrito por parte dalgún colectivo, estudarase e votarase. Que os días propostos son tradicionais no Concello e que representan a tódolos veciños do concello.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 9 votos a favor (6 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) con 6 votos en contra (os 6 do PP) e cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.- MOCIÓN DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4^o do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos

asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A Presidencia pregunta se hai mocións.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

5.1.- MOCION DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSIÓNS DE ESTADOS EXTRANXEIROS (RXE nº 6084, do 28/08/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia ante as reclamacións da axencia tributaria aos pensionistas que cobran pensións do extranxeiro e que non foron informados de ter que cumprir coa obriga de declarar, e son tratados peor que os evasores de impostos que si evaden a sabendas e co fin de non contribuir coo é a súa obriga cos cidadáns.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, lee a moción:

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Galiza padeceu, e continúa padecendo, unha emigración brutal. Miles de galegos e galegas emigraron desde comezos do século XIX a moitos países para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.

Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Nos últimos meses este colectivo comezou a recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas durante o ano 2008 en concepto de pensións no estranxeiro, coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondente ao exercicio de 2008.

Estes requirimentos, que tamén indican a obriga a realizar esta actualización en relación cos exercicios de 2009, 2010 e 2011, estanse producindo nos últimos días de forma masiva en toda Galiza afectando a milleiros de persoas pensionistas retornadas, e de forma moi intensa, tamén a veciños e veciñas do noso concello.

Hai que constatar que estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declararen as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade ou de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Con estes antecedentes resulta sorprendente que, cinco anos máis tarde, reciban este tipo de requirimentos por parte da Axencia Tributaria, coa advertencia dunha posíbel sanción por non teren cumprido con obrigas tributarias que descoñecían. E cando os evasores fiscais se benefician de amnistías, constitúe unha auténtica inmoralidade a simple ameaza dunha sanción a estas persoas, traballadores e traballadoras emigrantes retornadas.

Desde o mes de febreiro veñen mantendo reunións coa Axencia Tributaria sen que se obtivesen resultados concretos, agás a posibilidade de ampliación de prazos para o pago das declaracións complementarias.

Por outro lado, até hai poucos días os expedientes sancionadores referíanse ao exercicio de 2008 e permitían a presentación en período voluntario das declaracións dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012. Porén temos coñecemento de que recentemente hai persoas que recibiron expedientes que inclúen todos os exercicios, un feito que complica de forma moi relevante a súa situación.

A única saída a esta situación é que o Goberno do Estado anule todos os expedientes sancionadores e que se inicie unha campaña para informar adecuadamente as persoas pensionistas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, obviando os exercicios do período 2008-2012. Esta medida é a única razoábel e xusta tendo en conta a inexistencia de información e a ausencia de responsabilidade e por tanto de vontade de fraude por parte destas persoas.

E sen prexuízo das medidas urxentes para evitarlles esta penosa situación, é preciso que, por parte do Goberno do Estado para evitar novas situacións, se revisen os convenios marco con outros países, como por exemplo o establecido con Alemaña no ano 2012.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

2.- Instar á Xunta de Galiza a

1. Estabelecer mecanismos para colaborar con este concello na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisaren.

2. Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:

1. A anulación de todos os expedientes sancionadores instruídos pola Axencia Estatal Tributaria e que se lles notificaron nos últimos meses a persoas beneficiarias galegas de pensións no estranxeiro por non tributaren por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria.
2. O inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, anulando os requirimentos relativos aos exercicios comprendidos entre os anos 2008 e 2012.
3. A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro.

3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso de Deputados."

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, comeza a súa exposición dicindo que a Lei do IRPF establece que se unha persoa física é residente fiscal en España, deberá tributar en España pola súa renda mundial, é dicir, deberá declarar en España as rendas que obteña en calquera parte do mundo (artigo 2: "*con independencia do lugar onde se produciron e calquera que sexa a residencia do pagador*"), sen prexuízo do que se dispoña nos convenios para evitar a dobre imposición internacional subscritos por España.

A mesma Lei de IRPF, establece que tributan, entre outros, os seguintes rendementos: "*as pensións e haberes pasivos percibidos dos réximes públicos da Seguridade Social e clases pasivas e demais prestacións públicas por situacións de incapacidade, xubilación, accidente, enfermidade, viudedade ou similares*" (artigo 18.2.1^o).

Respecto do establecido polos Convenios de dobre imposición, hai que estar ao disposto no Convenio que ten asinado España co país de onde obtén a renda. Non obstante, tendo en conta o disposto nos Convenios para evitar a dobre imposición

internacional subscritos por España, a tributación para os residentes fiscais en España das pensións obtidas no estranxeiro, entendidas estas como remuneracións que teñen a súa causa nun emprego exercido con anterioridade, teñen distinto tratamento segundo sexan públicas ou privadas.

Por pensión pública enténdese aquela que é percibida por razón dun emprego público anterior; é dicir, aquela que se recibe por razón de servizos prestados a un Estado, a unha das súas subdivisións políticas ou a unha entidade local, por exemplo, a pensión que percibe un funcionario. Esta pensión, por regra xeral, só tributa no país do que procede, salvo que sexa pagada a unha persoa de nacionalidade española.

Por pensión privada enténdese calquera outro tipo de pensión percibida por razón dun emprego privado anterior, en contraposición ao que se identificou como emprego público, por exemplo, a pensión percibida da seguridade social por un traballador do sector privado. Estas pensións só tributan en España. En todo caso, estas pensións tributarán en España cando superen o límite que determina a obriga de declarar.

Indica que a Axencia Tributaria detectou a existencia dun número elevado de contribuíntes que declararon correctamente as pensións obtidas no estranxeiro, pero tamén se advertiron contribuíntes do IRPF que, ou ben non declararon o importe da pensión obtida no estranxeiro na declaración que presentaron, ou ben que estando obrigados a presentar declaración do IRPF, tendo en conta tanto os rendementos obtidos en España como os obtidos no estranxeiro, non a presentaron. Nestes casos os órganos de xestión da AEAT iniciaron os procedementos de comprobación establecidos na normativa española. Non corrixir este comportamento suporía facer de peor condición ao pensionista que percibe as súas pensións en España, daquel que as percibe do estranxeiro e a quen percibindo as súas pensións do estranxeiro cumpriu coa súa responsabilidade de decláralas.

As actuacións desenvólvense a nivel nacional, aínda que é certo que pode ter unha maior importancia en Galicia e noutras zonas xeográficas españolas que tradicionalmente teñen moitos emigrantes.

Respecto dos exercicios obxecto de comprobación a normativa española autoriza a comprobar dentro do prazo de prescripción de 4 anos desde que finalizou o prazo para declarar (a renda de 2008, finalizou o prazo o 30 de xuño de 2009, polo que o prazo de prescripción finaliza o 30 de xuño de 2013).

Os contribuíntes teñen garantido por Lei oporse aos feitos que se lle imputan aportando as probas que correspondan. A Administración Tributaria á vista das alegacións efectuadas polo contribuínte emitirá, se procede, unha liquidación que poderá ser recorrida en vía administrativa ou xudicial.

A Lei Xeral Tributaria contempla como infracción tributaria deixar de ingresar dentro do prazo establecido a totalidade ou parte da débeda tributaria, así como obter indebidamente devolucións tributarias. A Axencia Tributaria estudará cada caso en particular.

A AEAT prevé a posibilidade de que o contribuínte que teña dificultades financeiras poida solicitar adiamento ou fraccionamiento da débeda tributaria. Se o importe da débeda a aprazar é inferior a 18.000€ non hai que aportar garantía.

Polo tanto conclúe dicindo que:

1º O suposto de feito da infracción previsto no art. 191 da L.X.T. podería producirse nestes casos xa que se deixou de ingresar dentro do prazo establecido parte da débeda tributaria sen que se regularizase de acordo co artigo 27 da mesma lei. Este último, que é o réxime de recargos en lugar do réxime sancionador, sería procedente se non mediasen os requerimientos realizados con coñecemento formal dos obrigados.

2ª Xunto ao elemento obxectivo da infracción é preciso que concorra unha conduta cando menos culposa xa que de acordo co art. 183 da LXT son infraccións tributarias as accións ou omisións dolosas ou culposas con calquera grado de negligencia que estean tipificadas e sancionadas como tales en devandita lei ou noutra.

A sanción en ningún caso esixírase ao sucesor do falecido. Nos demais casos en que o obrigado non presentou a declaración, considérase en xeral que a culpa prodúcese cando as accións realízanse sen a dilixencia debida ou o coidado necesario e producen un resultado prohibido.

Na tramitación dos expedientes débense analizar detidamente as alegacións dos interesados porque a apreciación do requisito da culpabilidade en calquera grado de negligencia efectuarase individualizadamente e caso a caso podendo non apreciarse a concurrencia deste requisito no caso considerado.

A voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Dª Sonia Castaño Eiras, dí que se mantivo unha xuntanza cos afectados e espera que se resolva de xeito favorable.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dª. Adelina Ces Quintáns, que apoian a moción.

O alcalde pecha o turno de intervencións para sinalar que pensaba que esta moción sucintaría unanimidade no apoio, por ser os afectados emigrantes que tiveron que marchar e agora Facenda trátaos como evasores fiscais e que hai moitas persoas afectadas que tamén poden ser votantes do PP.

Indica que se e certo que o coñecemento da Lei non exime de responsabilidade, neste caso non se trata de eso, xa que son moitos afectados e que agora trátase de perseguir a estes pensionistas. Dí que se o Estado fose xusto, mandarían cartas para advertir aos afectados para que se puideran poñer ao día e non sancións. Dí que sempre se vai polos débiles e que os parabéns son para os futbolistas, banqueiros e empresarios os cales tributan o 1% e regularizan os seus cartos.

Dí que estes afectados foron traballadores emigrantes e que por riba de botalos fora por non ter traballo, o Estado agora castígaos con campañas de persecución para pagar impostos.

Os veciños van a pelexar polas súas circunstancias e defender os seus cartos.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 9 votos a favor (6 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) con 6 votos en contra (os 6 do PP) e cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5.2.- MOCION DO BNG DE APOIO AS DEMANDAS DO COLECTIVO DE EXTINCIÓN DE LUMES E EMERXENCIAS (RXE nº 6083, do 28/08/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia por que lle impuxeron uns servizos mínimos abusivos e non lles dan curso de formación práctica, se os queren facer teñen eles pagalos do seu bolsillo. Para pedir días de vacacións, aínda lles poñen imprevistos para que non poidan facelo e deixan 3 bombeiros soos para cubrir os servizos mínimos como no caso de Boiro.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En maio de 2007 entraba en vigor a Lei 5/2007 de emerxencias da Galiza. Pretendíase con esta lei atender as emerxencias de diverso tipo e gravidade que viñan acontecendo no noso país desde hai varias décadas como naufraxios, embarrancamentos nas nosas costas, inundacións, movementos sísmicos, incendios forestais constantes etc.

A estas emerxencias temos que engadir o conxunto de riscos cotiáns que afectan á vida de persoas, animais, ao ambiente, así como aos bens da cidadanía galega. As dúas modalidades de riscos e emerxencias requirían o establecemento dun marco legal propio que articulase un sistema integrado para a súa xestión.

A Xunta de Galiza incumpre reiteradamente a Lei de emerxencias, entre outras cousas, por até triplicar os servizos con Grumires, bombeiros/as municipais e comarcais, e agora até os Grupos de Emerxencia Supramunicipais (os GES), brigadas para limpeza do monte que poden ser chamados para accidentes.

O BNG entende que os Servizos de Emerxencias, particularmente os Bombeiros, teñen que ser xestionados de forma directa e teñen que abranguer todo o territorio galego. Mais a situación na Galiza é ben diferente: salvo nas grandes cidades este colectivo depende de empresas privadas, sen garantir de xeito efectivo que o conxunto da cidadanía galega dispoña dun servizo de calidade, senón máis ben en precario.

Na provincia da Coruña, este servizo vén sendo prestado maioritariamente pola empresa VEICAR, S.L. desde máis de 9 anos, unha empresa que, aproveitando da reforma laboral, está recortando de xeito moi significativo os dereitos laborais de traballadoras e traballadores que forman parte do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, afectando, entre outros, aos persoal do colectivo de bombeiros que atende a comarca da Barbanza.

Este servizo estase a prestar en mínimos, tal e como se constata despois de que os seus empregados se puxesen en folga, obtendo unha imposición de servizos mínimos igual ao servizo ordinario que viñan prestando a maior parte do ano.

Coa supresión do Convenio Colectivo existente até o de agora, por mor da interpretación que fai a empresa xestora da reforma laboral, os Bombeiros están sufrindo a redución da súa capacidade económica. Ademais, no caso de baixa laboral, a empresa redúcelle un 25% o seu salario. Lembremos que estamos falando dunha profesión de alto risco, onde os accidentes laborais son habituais. Este risco

vese acentuado gravemente por mor de traballar en quendas de 3 persoas, cando o aconsellábel nesta profesión é non traballar nunca con equipos de menos de 5 persoas.

Nunha nova volta de rosca aos dereitos laborais do persoal traballador, a empresa mudou as gardas de 24 horas, por quendas de 6 e 8 horas de distribución irracional, que provoca unha diminución na efectividade dos equipos de garda, reducindo a capacidade de traballo en equipo e prexudicando seriamente a conciliación familiar.

Nin que dicir ten, que as actuais condicións laborais dos bombeiros que forman parte deste Consorcio, non permiten que as condicións que se consideran en materia de xubilación se equiparen ás do persoal dependente da administración. Non esquezamos que, polas peculiaridades da profesión, a súa idade de xubilación é máis prematura que a de outros colectivos.

Por todo isto,

O grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno do Concello a seguinte proposta de

ACORDOS:

- 1. A Corporación Municipal de Rianxo, solidarízase co colectivo de Bombeiros, persoal de extinción de lumes e emerxencias, que prestan servizo nos diferentes consorcios Contra Incendios e Salvamento, baixo a modalidade de xestión indirecta.
2. A Corporación Municipal de Rianxo, insta á Xunta de Galicia a crear un servizo de emerxencias público, coordinado pola propia Xunta, e que abrangue a totalidade do territorio galego.
3. A Corporación Municipal de Rianxo instar ao Goberno da Xunta a desenvolver plenamente a Lei de emerxencias e, nesa liña:
 - Propor, nun prazo non superior a seis meses, un modelo homoxéneo de prestacións e condicións de traballo dos servizos de prevención e extinción de incendios e salvamento, con base no criterio de prestación pública directa do servizo.
 - Apostar pola profesionalización dos Servizos de Emerxencia e Salvamento da Galiza, coa elaboración e aprobación dun Estatuto profesional .>>

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, comeza a súa exposición dicindo que a necesidade de dar unha resposta eficaz deste servizo de extinción de incendios e salvamento fixo necesaria unha organización axeitada del en todo o territorio galego, consideración recollida na disposición adicional terceira da Lei 5/2007, que impón á Xunta de Galicia a obriga de impulsar a creación dos consorcios provinciais para a prestación do servizo contra incendios e salvamento xunto coas deputacións provinciais, como o xeito máis apropiado para que se acaden os obxectivos previstos.

Froito da colaboración da Xunta coas deputacións, como mellor xeito de acadar maiores cotas na eficacia da prestación dos servizos á cidadanía, e tamén a eficiencia nos recursos dispoñibles das administracións implicadas, atendendo ao mandato da lei de emerxencias (*disposición adicional terceira*) creáronse os Consorcios Provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra, e está pendente o consorcio de Ourense no que se integrarán os actuais consorcios comarcais da Limia, Valdeorras e Verín.

A *encomenda de xestión* que se sinala no escrito, é o resultado da correspondente licitación da prestación do servizo, acorde coa normativa de contratación pública, na que se recollen as exixencias de prestación do servizo ofertado para cada un dos consorcios, cuestión obxecto de especial seguimento no cumprimento das obrigas contractuais da adxudicataria do servizo.

É curioso que o BNG solicite que este servizo público sexa xestionado directamente dende a Administración. Sen embargo, eu pediríalle aos representantes do BNG un pouco de coherencia, xa que cando se debatiu este asunto no Parlamento o seu voceiro non se opuxo á fórmula da encomenda de xestión e dixo expresamente: *“estas fórmulas sendo opinábeis, non deixan de manter a titularidade do servizo en mans públicas por máis que a xestión poda realizarse mediante criterios de maior flexibilidade xurídico-pública”*; e o que é máis importante o contido desta lei que agora é criticado polo BNG foi avalado polos seus deputados co seu voto cando se someteu a lei á aprobación e así mesmo, en ningún momento, ningún dos representantes deste grupo político nos Consorcios provinciais se se opuxo a este proceso de xestión indirecta destes servizos.

Respecto do conflito laboral, este debe solucionarse entre as dúas partes implicadas (a empresa e os representantes dos traballadores), **correspondéndolle ao consorcio afectado o coidado do cumprimento daqueles servizos mínimos que se considera adecuados para a prestación dun servizo público**, neste caso de extinción de incendios, servizos mínimos xa establecidos a tal fin.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Sonia Castaño Eiras, di que apoian os termos da moción

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que quen impuxo os consorcios foi Fraga e a lei 5/2007 foi aprobada polo Parlamento e que non se está levando a cabo. Os bombeiros o que piden e que se controle á empresa e que se dé formación práctica e se facilite o traslado e máis persoal para os servizos mínimos. O Goberno non mira por nón senón polos cartos. Indica que os bombeiros demostran o amor ao seu traballo e poden chegar a salvar a nosa vida. O BNG apoia a súa petición e a equiparación cos bombeiros funcionarios.

O alcalde pecha o turno de intervencións dicindo que no ano 2007, podería terse aprobado ese modulo, pero que agora queda obsoleto, e que a xente que traballa na función pública defende a igual traballo igual salario e as condicións laborais que agora teñen son precarias e o principio de autoridade e inherente e que en situacións de risco deben ter o mesmo principio de autoridade.

Dí que no seu momento fíxose así pero que agora esto require u novo cambio, non so cos consorcios e a Deputación. Hau que buscar unha unidade única de que todos os bombeiros sexan iguais e haxa un só corpo de emerxencia.

Comentase que o escrito presentado pola asemblea comarcal de Esquerda Unida do Barbanza, por ser o mesmo co presentada polo BNG xa se entende tratado.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 9 votos a favor (6 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) con 5 votos en contra (os 5 do PP) e cero abstencións, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5.3.- MOCION DO BNG PARA QUE SE TOMEN AS MEDIDAS NECESARIAS PARA PALIAR OS DANOS CAUSADOS POLA VAGA DE LUMES E SE POÑA EN MARCHA UNHA NOVA POLÍTICA CONTRA OS INCENDIOS (RXE nº 6140, do 30/08/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia ante a política forestal e agrogandeira destrutiva que permite a introdución de masas forestais pirofitas como o piñeiro e o eucalipto, que agravan a desprotección do noso territorio e as persoas fronte os incendios.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns , lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os incendios forestais son froito de décadas de políticas de fomento do abandono das actividades agrarias e gandeiras tradicionais, da especialización da Galiza en cultivos forestais de crecemento rápido, cuns montes en moitos casos en estado de abandono, de caos urbanístico e falta de ordenación de territorio e de despoboamento progresivo do noso medio rural.

A política forestal e agrogandeira do PP non só é destrutiva coas potencialidades do agro galego, ao expandir a desertización e abandono de amplas zonas do territorio e tamén permitir a introdución de masas forestais con especies pirófitas (como o piñeiro e o eucalipto) en zonas próximas aos asentamentos de poboación, senón que ademais contribúe a alimentar os factores que propician os incendios forestais.

Ao longo de moitos anos, os sucesivos gobernos do PP destinaron inxentes fondos económicos a subvencionar o abandono da actividade agraria, co que moitas comarcas do país ficaron desertas e o seu territorio, ao carecer de actividade agraria, abandonado ao mato, sen un mínimo cultivo e propiciando con iso a propagación explosiva de incendios forestais. O mapa das zonas máis afectadas polos incendios dá proba diso, a incidencia dos lumes é moito menor nas comarcas onde a actividade agraria mantén unha presenza relevante, co que esta política de incentivos para cesar no traballo no agro aumentou gravemente o risco e proliferación de incendios forestais en amplas zonas do país.

O actual Goberno galego acometeu medidas que agravaron a desprotección do territorio e das persoas ante a ameaza dos incendios forestais.

Por unha banda promoveu medidas legislativas consistentes na eliminación ou redución considerábel das distancias de separación das plantacións forestais aos núcleos rurais, na autorización de novo das plantacións de masas continuas de especies pirófitas, na supresión de faixas de especies frondosas que actuaban de corta lumes, ou na eliminación de medidas que pretendían implicar á poboación na xestión e defensa do monte, como son a desaparición do voluntariado do monte ou das axudas para brigadas de prevención das propias comunidades de montes, entre outras.

Por outra banda, os recortes indiscriminados aplicados polo PP desde 2009 tamén afectan de cheo a un dispositivo de emerxencias e seguridade, como é o da loita contra o lume, que

retornou a un nivel de recursos similar ao de hai unha década, agravado por unha nefasta xestión administrativa que demorou o seu desenvolvemento até moi avanzada a época de alto risco, así como a case total eliminación de actuacións preventivas básicas, e finalmente, retomou un modelo de dispositivo fracasado, co regreso de brigadas municipais, sen unhas mínimas esixencias profesionais e que favorecen a fragmentación do mando único do dispositivo.

O monte volve estar desprotexido, o PP teima en políticas que arredan a poboación do rural da xestión e a implicación vital e económica co monte, e que favorecen un modelo produtivo intensivo sen ter en conta unha mínima ordenación dos cultivos. Como resultado, hai máis combustíbel nos montes e terras de cultivo que nunca, hai máis perigo preto de núcleos poboados polo abandono fomentado das terras agrarias que circundan os núcleos de poboación e mesmo por conceder de novo axudas públicas á forestación de terras agrarias a menor distancia dos asentamentos rurais.

Á vista disto, non cabe parapetarse exclusivamente no proceder delitivo de pirómanos e incendiarios. A investigación e persecución dos autores dos incendios é inescusábel e tamén prioritaria, mais tamén o son a adopción de políticas e medidas que preveñan e minimicen os efectos dos incendios forestais. A política contra os lumes forestais dos goberno do PP baséase exclusivamente en apagar lumes, mesmo de xeito deficiente dadas as restricións orzamentarias aplicadas aos servizos de extinción, tamén a custa dunha falsa austeridade que se emprega para afogar o financiamento de servizos públicos básicos ao tempo que se prodiga en rescatar con fondos públicos á banca. Non hai política forestal preventiva, planificación de cultivos, ordenación territorial, colaboración coa veciñanza do medio rural para vixiar e protexer o monte, hai unha fuxida e un desenfoque dos problemas reais do monte e do medio rural, cinguindo a loita contra os lumes forestais a unha cuestión de orde pública, o que, sen dúbida, fará que persistan os incendios forestais como unha enfermidade crónica para Galiza.

Por todo o dito, propomos ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1º.- Dirixirse a Xunta de Galiza para revisar de xeito inmediato o dispositivo de defensa contra incendios forestais e que, conxuntamente co goberno do Estado, implemente de maneira urxente as medidas necesarias dirixidas a paliar os danos causados pola vaga de lumes e contribuír a súa extinción.

2º.- Dirixirse a Xunta de Galiza para que implemente as medidas necesarias para a recuperación do monte afectado pola vaga de incendios e para poñer en marcha unha nova política que teña como eixos:

- Unha nova política forestal, orientada á ordenación dos espazos forestais facéndoos compatíbeis con outras actividades agrarias, á diversificación de especies e á diversificación de aproveitamentos económicos dos montes.
- O impulso dunha política preventiva contra os incendios forestais, eliminando os incentivos á forestación de terras agrarias e ampliando as zonas de protección dos núcleos rurais, adoptando as medidas precisas para asegurar un cumprimento rigoroso da limpeza da biomasa forestal nestas zonas.
- Unha nova política que permita operar na propiedade das terras agrarias e forestais favorecendo a mobilidade e fórmulas de explotación colectiva.
- Unha política de intervención no medio rural que pule pola reactivación socioeconómica da actividade agraria e corrixa a tendencia ao progresivo despoboamento.
- A renuncia á política de recortes orzamentarios en servizos públicos básicos como da prevención e extinción de incendios forestais, asegurando recursos para poder acometer tanto un dispositivo axeitado como despregar accións preventivas no monte no marco dunha nova política forestal.

- Unha maior tecnificación e profesionalización dos servizos de prevención e extinción de lumes.

3º.- Solicitar da Xunta de Galiza a que, en colaboración co Goberno central, poña en marcha un programa de axudas para paliar os danos ocasionados polos incendios forestais na vaga de agosto de 2013, consistente en:

- Restabelecemento de infraestruturas públicas e privadas afectadas (viarias, canalizacións hidráulicas, tendidos eléctricos, de telecomunicacións etc)
- Reposición de cultivos, instalacións e infraestruturas agrarias afectadas polo lume.
- Reparación de vivendas e construcións auxiliares afectadas.
- Actuacións de protección do solo queimando, para paliar os efectos da erosión e prever o arrastre de terreo vexetal aos sistemas fluviais e marítimos.>>

A concelleira Ana Eitor abandona o salón de plenos.

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran fai a seguinte exposición: dí que é curioso que o BNG xa saiba cal é a orixe dos lumes cando todo o mundo apunta a unha multicausalidade na orixe e a un só punto de concreción de todas esas causas: a existencia de persoas que lle plantan lume ao monte (considérase que máis do 80% dos lumes son provocados pola man do home).

Tamén é curioso que as áreas de Galicia que menos arden son as que se especializaron na plantación de especies de crecemento rápido (coma a A Mariña de Lugo) e que fixeron un importante esforzo de xestión do monte de forma coordinada entre os propietarios.

Dí que quen incrementou dun xeito sensible os fondos para axudar a incorporación dos máis novos aos eidos productivos foi o goberno do PPdeG. Así, entre 2009 e 2012, o goberno do PPdeG incrementou de forma sensible as axudas á mellora das explotacións e aos agricultores mozos superando en máis dun 70% con respecto aos anos do bipartito.

Agricultores mozos	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Execución anual	2,7 M€	2,7 M€	9,1 M€	9,6 M€	8,9 M€	6,6 M€

Ademáis, non é certo que as comarcas que manteñen actividade agraria son as que menos incidencia de lumes teñen, así comarcas coma o Deza (en concellos coma Rodeiro, Dozón ou Agolada) ou a área de Mazaricos, Negreira, Coristanco, etc, teñen un alto número de lumes.

Non se reduciron distancias de plantacións. A modificación da lei trouxo unha clarificación das distancias e da xestión da biomasa nas mesmas: sinalouse a necesidade de efectuar as medicións desde as liñas de solo urbano ou de núcleo rural e clarificouse a situación de moitísimas vivendas que se atopaban fóra de ordenación.

A existencia de especies pirófitas ou frondosas non reduce ou aumenta per se a sucesión de lumes. Existen amplas zonas plantadas con especies pirófitas que non arden (norte de Lugo e A Coruña) e zonas de especies frondosas que si o fan cando se lles planta lume (o incendio de Navia de Suarna da pasada semana é un bo exemplo).

O voluntariado do monte non desapareceu e mesmo se acrecentou:

- Continúa o programa da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
- Asinouse un convenio coa Federación Galega de Caza para o apoio na prevención e detección de incendios e prevese a sinatura doutros convenios coa Federación galega de Vehículos 4x4 e coa de Radioaficionados.

Non desaparecen as axudas para comunidades de montes: séguese apoiando a realización de labores de prevención nestes espazos con máis de 3 M€.

Non existen recortes no dispositivo de extinción. O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2013) presenta unha continuidade, nas súas liñas xerais, con respecto ás últimas campañas anti-incendios, sendo tanto os medios humanos coma os materiais moi semellantes aos empregados en anos anteriores:

- O número total de efectivos mesmo se incrementa en 19 persoas. Tamén no cómputo xeral hai que contabilizar unha brigada máis.
- En todo caso, cómpre destacar que se consolida o persoal funcionario e laboral fixo e fixo discontinuo da Xunta, que medra case un 22% en relación co pasado ano. Xa que logo, agora unha parte fundamental do despregue é persoal estrutural e profesionalizado.
- Quen si fixo recortes no operativo foi o BNG no 2006 (coas consecuencias que toda Galicia coñece): o daquela DX de Montes anunciou en nota de prensa a redución dun 34% nos medios humanos, un 30% nos helicópteros e a cancelación do convenio con Defensa.

Non é certo que se contratase tarde. A incorporación dos medios faise progresivamente e atendendo ás épocas e ao risco inherente a elas, tendo en conta tamén as condicións meteorolóxicas e as súas previsións: durante o mes de agosto estaba plenamente operativo o dispositivo.

As brigadas municipais dispoñen da mesma formación e medios que calquera das incorporadas en épocas de alto risco no pasado. Non é certo que sexa un modelo fracasado porque se están a atender máis de 80 lumes por día e onde o éxito da extinción se da en máis do 95%. Tampouco é certo que as rexeitasen de plano os concellos: previamos 275 e pedíronse máis de 290.

Non é certo que se abandonase a prevención. Os datos de superficies de actuación en tarefas de silvicultura e prevención falan por si sos: (en 2013 roldaremos as 60.000 Has):

ANO	HECTÁREAS	% SOBRE 2008	% SUPERFICIE GALICIA
2008	48.366	---	1,6%
2009	62.046	+28%	2,0%
2010	62.676	+28%	2,0%
2011	63.134	+30%	2,1%
2012	50.356	+4%	1,6%

Non é certo que necesitamos un mando único, porque xa o temos: a procedencia do persoal (se é propio da Xunta, doutras administracións ou de empresas privadas) é indiferente, porque existe un MANDO ÚNICO baixo o que se unifica todo o dispositivo e que garante unha axeitada coordinación. Así mesmo, negamos con rotundidade que exista unha falta de coordinación do distinto persoal dos operativos: o PP impulsou unha reforma legal para evitar esta situación (Lei de Montes que reforma a Lei de Incendios). Hoxe durante a extinción dun incendio, todos os medios asignados ao mesmo estarán ás ordes do director técnico de extinción:

- é o responsable máximo da dirección de extinción do incendio
- é o mando único operativo: reforzáronse as súas funcións e evita calquera tipo de falta de coordinación

Sinala que con ler a Lei de Montes daranse conta de que isto non é así polos motivos xa explicados

Nós non desviamos a atención cara aos incendiarios para fuxir das responsabilidades:

- Constatamos unha realidade: cómpre poñer exemplos de casos senlleiros de posible orixe provocada, coma nos casos de:

- O Barco de Valdeorras (18-ago): existencia de 20 focos simultáneos ao longo dun quilómetro de estrada.
- Boborás (22-ago): existencia de tres artefactos incendiarios (velas) na zona de orixe do incendio.
- Cualedro (24-ago): existencia de dous focos iniciais distantes 500m sobre as 12 da mañá (parroquia de Vilela), ao que hai que sumar a saída dun terceiro foco paralelo ás cinco da tarde (parroquia da Xironda) e a detección de dous lumes máis ás 11 da noite (parroquia de Montes).
- As Neves (madrugada 24/25-ago): cinco lumes en menos de seis horas.
- Ribeira (27-ago): existencia de cinco focos diferentes e separados pola autovía do Barbanza.

Di que o BNG cando tivo responsabilidades de goberno dicía que había intereses e que os culpables eran os incendiarios:

Non se fomenta a forestación de terras agrarias senón a de non agrarias. Para forestar terras agrarias hai que dar cumprimento a un estrito procedemento que esixe, cando menos, que se poñan os terreos a disposición do Bantegal e que pasen dous anos sen que existan peticións sobre elas.

Reiteramos, a faixa de protección dos núcleos rurais foi clarificada.

Entre as medidas postas a disposición para a limpeza da biomasa nestas faixas están a de constitución das propias brigadas municipais, que terán como cometido principal a limpeza e desbroce de, como mínimo, 5 has. de terreo, fundamentalmente nestas áreas.

Non é certo que non se invista no sector e nas súas estruturas. En 2013 destinouse menos á administración e máis ao sector:

- o 74% do orzamento vai destinado ao sector. Axustouse esta cifra tan só nun 0,1% e acadando un volume total destinado a estes fins de preto de 463 millóns de euros.
- reducíronse as contías para gasto corrente e persoal nun 5%: a práctica totalidade do axuste deste presuposto da consellería.
- sumáronse novos fondos ao dedicado á modernización e diversificación do tecido produtivo rural ata acadar case os 77 M€, subindo desta maneira nun 8% este bloque de partidas.

Cómpre destacar que se consolida o persoal funcionario e laboral fixo e fixo discontinuo da Xunta, que medra case un 22% en relación co pasado ano. Xa que logo, agora unha parte fundamental do despregue é persoal estrutural e profesionalizado.

Por moito que o intenten, este mes de agosto non foi semellante ao de 2006.

Analizaranse todos os danos producidos para ver a maneira de paliar, pero sendo serios e rigorosos.

Por último indica, que INTECMAR e o Servizo de Gardacostas xa están traballando para prever a afección da chegada de cinzas ás rías e ao mar: xa se está a traballar na minimización dos arrastres naquelas áreas afectadas polos incendios.

A voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Sonia Castaño Eiras, dí que entente que non existe política na Xunta de Galicia e as medidas son tardías e equivocadas, polo que apoian a moción.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, dí que o BNG demanda medidas para paliar os danos causados pola vaga de lumes e unha nova política contra os incendios. Ordenar os espazos forestais, prevención dos incendios, control das terras agrarias, política de reactivación da actividade agraria e renuncia aos recortes nos servizos públicos, son cuestións que axudarán a defender o noso país. Di que apoian a moción.

O alcalde pecha o turno de intervencións dicindo que se fala moito do 2006 e que un Goberno debe aspirar a outras cousas, e que este ano foi un ano moi humido ata o mes de xuño e que les o recoñecen. Un goberno serio non debe depender de que sexa seco ou non o ano, e que as medidas téñenas antes e as previsións tamén, e non esperar ao mes de agosto para desbrozar e facer outras labores.

Dí que este ano tardouse moito en aplicar as medidas e que éstas hainas que tomar durante o inverno. As brigadas non deben depender dos concellos, que teñen que adicarse ás labores de extinción e non a repartir comida e outras actividades, coma repartir comida nas festas gastronómicas, colocar palcos, etc., posto que outros traballadores non poideron realizar labores neste concello por estar realizando outro tipo de traballos. Que sexa a xunta a que tome a renda das brigadas e non que dependan dos Concellos. Rianxo ten dúas brigadas para dar apoio as brigadas que dependen única e exclusivamente da xunta. Que se faga unha selección rigurosa do persoal e non haxa diferenza na contratación das brigadas, e que as mesmas se adiquen exclusivamente a extinción de incendios non a outro tipo de labores.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 9 votos a favor (6 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) con 5 votos en

contra (os 5 do PP) e cero abstencións, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5.4.- MOCION DO BNG DA COMISIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA PARA A REPROBACIÓN DO SR ALCALDE DE BARALLA POLAS SÚAS PALABRAS OFENSIVAS E HUMILLANTES A DEMOCRACIA E AS VITIMAS DO FRANQUISMO (RXE nº 6124, do 29/08/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia ante as palabras ofensivas e humillantes para a democracia e as vitimas da ditadura do franquismo.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns , lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pleno do 26 de xullo do Concello de Baralla, o Sr. González Capón, Alcalde do Concello de Baralla, xustificou a negativa do grupo do PP á condenar os crimes da ditadura franquista. A citada xustificación descansaba na seguinte afirmación do propio Alcalde: **"los que fueron condenados a muerte" durante el franquismo "será que lo merecían"**. Esta declaración pode claramente interpretarse como unha apoloxía do terrorismo , dende logo inaceptábel en democracia, máxime da man dunha 'autoridade' institucional. Xustifica e ampara a violencia política. Son unha ofensa para as vítimas da ditadura franquista.

Debémolle recordar ao Señor Alcalde, que mais de 6.000 galegos demócratas foron asasinados pola ditadura franquista. Hoxe en día aínda hai mais de 115.000 persoas que se contan como desaparecidas en España por culpa da ditadura. Miles de mulleres foron violadas, miles de traballadores foron expulsados dos seus postos de traballo, miles de persoas perderon inxustamente os seus bens ao ser estes incautados pola ditadura.

Así mesmo lembrámoslle ao citado Alcalde que as Institucións Europeas condenaron ao Franquismo por ser unha ditadura asentada nun golpe de estado que causou unha Guerra Civil. Non quere recordar este Alcalde o que aprobou o parlamento español en 2007?. Nese ano o parlamento español declarou o seguinte:

1. Se declara la ilegitimidad de los Tribunales, Jurados y cuales quiera otros órganos penales, administrativos que, durante la Guerra Civil, se hubieran constituido para imponer, por motivos políticos, ideológicos o de creencia religiosa, condenas o sanciones de carácter personal así como sus resoluciones.

2. Por ser contrarios a Derecho y vulnerar las más elementales exigencias del derecho a un juicio justo, se declara en todo caso la ilegitimidad del Tribunal de Represión de la Masonería y el Comunismo, el Tribunal de Orden Público, así como los Tribunales de Responsabilidades Políticas y Crímenes de Guerra constituidos por motivos políticos , ideológicos o de creencia religiosa.

3. Igualmente se declara ilegítimos por vicio de forma y fondo, las condenas y sanciones dictadas por motivos políticos, ideológicos o de creencia por cualesquiera Tribunales u órganos penales o administrativos durante la Dictadura contra quien defendía la legalidad institucional anterior, o pretendían el restablecimiento de un régimen democrático en España.

Despois de todo o investigado polos historiadores, despois dos acordos parlamentarios conseguidos, Como se poden dicir publicamente afirmacións como a efectuada polo Sr. Alcalde de Baralla no pleno do mes de xullo?

Unha vez que este Alcalde rectificara públicamente as súas declaracións ofensivas e humillantes á democracia, nomeadamente aos milleiros de vítimas do franquismo. Entendemos que son tibiais e insuficientes, non podendo ser que un dirixente democrático adopte este tipo de declaracións fascistas.

Por todo o dito anteriormente a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza solicita ao pleno da Corporación Municipal do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar ao alcalde do Concello de Baralla a que presente a súa dimisión con carácter inmediato.
2. Que o pleno da Corporación Municipal faga un pronunciamento público a favor das vítimas do franquismo e condenar o Golpe de Estado de xullo de 1936 así como todo o período da Ditadura Franquista.

Instar ao PP de Galicia a condenar publicamente estas denigrantes e inxustificables declaracións do titular do concello de Baralla.>>

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Durán expón que estes feitos remóntase ao 26 de xullo de 2013, día que tivo lugar a sesión plenaria do Concello de Baralla na que se efectuaron as erradas declaracións deste alcalde.

Desde entón o rexedor pediu perdón en reiteradas ocasións, de feito público e notorio, e expresou a súa vontade de rectificar o contido das mesmas.

As declaracións foron froito dunha discusión *acalorada* dentro do contexto político de debate coa oposición sobre unha iniciativa de rexeitamento aos actos terroristas de Resistencia Galega.

Esperemos que este tipo de peticións non sexa unha cortina de fume do BNG para evitar ter que explicar e dar conta ante os veciños dos motivos que lles levan a votar en contra de mocións de rexeitamento do terrorismo.

O PP está con todas as vítimas, tanto as represaliadas durante a Guerra Civil como durante o franquismo. Para nós todas as vítimas son iguais e, polo tanto, deben estar situadas nun plano de igualdade. E baixo ningún concepto aceptamos leccións de democracia de partidos que albergan a máis mínima dúbida para condenar accións xulgadas na Audiencia Nacional como actos de terrorismo

E o mesmo que nós condenados o ditadura franquista e solidarizámonos coas súas vítimas, tamén nos opoñemos e condenamos o uso da violencia para defender calquer tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico, polo que agardamos que todos os grupos políticos se sumen á nosa emenda na que rexeitamos e condenamos o terrorismo, tamén o levado a cabo por Resistencia Galega na nosa Comunidade Autónoma.

1. No PP non compartimos e non nos sentimos identificados coas declaracións efectuadas polo alcalde de Baralla e, queremos deixalo claro, censuramos calquera tipo de réxime totalitario

- Tanto o PP de Lugo como o PPdeG xa deron conta, en sendos comunicados, desta posición e expresaron publicamente que as declaracións do rexedor non reflicten a opinión dos populares galegos.
2. Entendemos que a polémica quedou resolta coa rectificación pública do rexedor de Baralla e a rápida petición de desculpas.
- As verbas foron desafortunadas e o alcalde xa pediu perdón a quen puido ofender, aclarando que non foi esa a súa intención.
 - De humanos é errar e de sabios é rectificar o erro.
3. O Pleno municipal de Baralla xa tivo oportunidade de pronunciarse sobre este asunto e, en particular, sobre a continuidade do rexedor
- Era o órgano con autonomía e competencia para tratar e tomar decisións relativas á continuidade do alcalde.
 - Entendemos extemporáneo e improcedente trasladar o debate a outros concellos.

Polo cal:

1. Censuramos calquera tipo de réxime totalitario.
2. Reafirmamos a condena aprobada por Resolución do Parlamento de Galicia en outubro do ano 2008 e transaccionada por todos os grupos parlamentarios incluído o PP.

A voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Sonia Castaño Eiras, manifesta o seu apoio á moción.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, apoia a moción e dí que o BNG pregúntase a que espera o PP para esixirlle ao alcalde de Baralla a súa dimisión tras as aberrantes declaracións formuladas en defensa dos saasinatos a mans da represión franquista. O BNG empra a ao PP e, concretamente, o seu presente Alberte Nuñez Feixoo, a reprobar de inmediato o alcalde de Baralla e a formular unha condena explícita dos crimes cometidos polo franquismo. Criticamos a actitude irresponsable de Feixoo, e Raxoi por permitir e non censurar as máis que desafortunadas palabras de representantes políticos do PP que negal ou xustifican a represión fascista e que sementan a idea de ser lícito o levantamento militar contra un goberno elixido democraticamente.

O alcalde pecha o turno de intervencións dicindo que apoian a moción e rexeitan calquera tipo de violencia. Dí que o Alcalde de Baralla revela un talante fascista e non se pode consentir e non se pode saldar cun “lo siento”. Indica que se esas declaracións se fixesen noutro país a persoa sería expulsada do partido. Manifesta que o BNG está en contra e condena todo tipo de violencia.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 9 votos a favor (6 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) con 5 votos en contra (os 5 do PP) e cero abstencións, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

6. ROGOS E PREGUNTAS

Pola concelleira D^a M^a de las Nieves Vicente Varela, pregúntalle ao encargado de obras, polas pedras existentes na Capela.

Pola concelleira D^a M^a Vanesa Martínez Durán, pregúntase se está previsto poñer máis paneis de anuncios.

Polo concelleiro encargado de obras D. Constantino Castaño Calvo, respóndese á concelleira en relación ca retirada das pedras, que as mesmas xa foran retiradas hoxe pola mañá, posto que xa foran examinadas pola brigada de obras non existindo perigo nas mesmas.

O Sr. Alcalde en contestación a pregunta das sinais, indica que está previsto poñer máis. Que xa se pideu presuposto á empresa con tal motivo e que se mirará a ubicación das mesmas.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21,12 minutos, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:25 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria accidental, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria accidental

Adolfo F. Muíños Sánchez

Vicenta A. Campaña Martínez